

**NOTA DE PRENSA 025/23  
13 DE MAIO DE 2023**

**VÍCTOR SENRA E DAVID VÁZQUEZ, VENCEDORES DO RALLYE MARIÑA  
LUCENSE**

Víctor Senra e David Vázquez sumaron o seu terceiro triunfo en outras tantas disputadas no Rallye Mariña Lucense, puntuable para o Campionato de Galicia de Rallyes.

Senra e Vázquez, aos mandos do Citroën C3 WRC, non deron opción aos seus rivais durante toda a fin de semana, ao marcar o mellor cron en oito dos 10 tramos cronometrados.

No segundo lugar da clasificación, Alberto Meira e Avelino Martínez, que foi o único equipo capaz de roubarlle algún mellor tempo nos tramos da Mariña e finalmente resultaron vencedores do Supercampionato R5 e Top Ten Pirelli Driver Autia A. O piloto de Vincios fixo unha proba con moita velocidade, quedándose finalmente a 1:05 minutos do vencedor da proba.

No terceiro posto do podio, a 2:30 minutos, situáronse Luis Vilarinho e Enrique Velasco, que despois de vencer o Rallye do Bierzo a semana pasada, rodaron a un bo ritmo a pesar do descoñecemento do terreo e estar todavía en plena adaptación á conducción do Hyundai I20 R5.

No primeiro posto da Top Ten Pirelli Driver Autia B e da Gara N5 finalizaron José Lamela e José Ángel Fente, no Skoda Fabia N5. O quinto posto foi para Javier Ramos e Álex Moure no Peugeot 208 R5.

Na Top Ten C, victoria para Rubén López e Rubén Tourón co Peugeot 208 R2, seguido de Javier Eiras e Álvaro García e Juan Manuel Cagiao e Iván Bergondo.

Dentro da Pirelli AMF, triunfo para Marcos Rodríguez Sanromán e Unai Conde, que aventaxaron en 39 segundos a Álvaro Pérez e Mónica Álvarez e en 4:18 minutos a César Díaz e Manuel Rodríguez.

Álvaro Castro e Isidro Rey foron os vencedores dentro do Volante FGA e a súa vez da

Promoción Xoven Piloto, seguidos de Diego Mayo e Miguel Guerra e Diego e Miguel Camuñas.

O Criterium Recalvi Beca 24 estreouse neste Rallye de Noia e fixoo con Adrián Vázquez e Melisa Lorenzo, por diante de Adrián Torreiro e Pedro Rivas e de Ricardo Manuel Casal e Miguel Casanova.

### **Declaracións dos principais protagonistas:**

Víctor Senra (1º Clasificado):

“O balance é moi positivo. É un rallye moi difícil, trabucámonos de neumáticos e cometemos erros, pero conseguimos o obxectivo e que continúe a racha. Decidiremos a última hora se continuamos co Citroën ou cambiamos”.

Alberto Meira (2º Clasificado e 1º Top Ten A e Supercampionato R5):

“Obxectivo cumprido. Gañamos o Supercampionato Recalvi e a Top Ten. Todo perfecto a verdade e a organización de dez e a pensar na próxima proba.

Luis Vilariño (3º Clasificado):

“É un debut con podio despois de gañar o Rallye do Bierzo, polo que estamos moi contentos. O Rallye foi moi bo, quero felicitar a organización por facer un traballo tan bo. Estamos nunha liña ascendente e penso que pronto estaremos en condicións de pelexar por cotas maiores”.

José Lamela (1º Top Ten B e Gara N5):

“Estamos moi contentos. Despois do abandono de Jorge Pérez xa nos centramos en rematar e sumar os puntos. Sabemos que é un certame longo e que hai que puntuar en todas as carreiras e neso estamos”.

Rubén López (1º Top Ten C):

“Foi unha pena o abandono de Souto e Rivas, pero non estaba fácil. Os cambios de tempo non eran normais. Agora poñémonos de líderes no certame e moi ben. O venres tivemos uns pequenos problemas de cambio, pero todo ben. O xoves tiven que cambiar de copiloto a última hora e fixoo moi ben”.

Marcos Sanromán (1º Pirelli AMF):

“O balance é positivo. Ser primeiro é inmejorable polo que moi ben. Para o campionato é importante. Este ano temos un descarte máis, polo que quedar arriba en todas as probas é clave, máis que o ano pasado”.

Álvaro Castro Laíño (1º Volante FGA e PXP):

“Costounos moito chegar ao final deste bonito rally. Para nós é o noso favorito do campionato, pero bueno chegamos ao final e moi contentos. Hoxe (o sábado) cometín un erro e provoqueei un fallo mecánico. Non sei como aguantou o coche, pero aguantou”.

Adrián Vázquez (1º Criterium Recalvi):

“Foi moi complicado, o venres comezamos con calma e o sábado queríamos demostrar que estábamos en tempos e aquí estamos. Nos tres primeiros treitos fixemos o mellor tempo tres equipos distintos, o que demostra a igualdade do Criterium”.

#### **Clasificación Final Rallye Mariña Lucense:**

1. Víctor Senra – David Vázquez (Citroën C3 WRC)
2. Alberto Meira – Avelino Martínez (Skoda Fabia R5)
3. Luis Vilariño – Enrique Velasco (Hyundai I20 R5)
4. José Lamela – Néstor Casal (Skoda Fabia N5)
5. Javier Ramos – Álex Moure (Peugeot 208 R5)

Clasificación Xeral de Pilotos do Certame tras a disputa de tres probas:

1. Víctor Senra // 123
2. Alberto Meira // 105
3. José Lamela // 70
4. Francisco Dorado // 58
5. Luis Vilariño // 51